

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2026/14	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de marzo de 2026
Duración	Dende as 13:24 ata as 13:51 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 20.03.2026****Concello de Silleda**

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

Favorable**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 20 de marzo de 2026.

Expediente 458/2026. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 23 de marzo, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo do arranxo do motor de auga da vivenda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pagamento dunha factura polo arranxo do motor de auga.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Ferradás Rozas , correspondendo coa factura número 39/2026 por un importe de 102,85 €.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 469/2026. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 24 de marzo, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais que se atopa en situación de vulnerabilidade económica e solicita o apoio para sufragar o custo da adquisición de tratamento farmacéutico e enseres de puericultura para un menor diagnosticado cun trastorno dermatolóxico.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente

axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pagamento dunha factura de produtos farmacéuticos e de puericultura.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Farmacia Taboada Mella , correspondendo coa factura número 2026/0003 por un importe de 149,05 €.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 582/2025. Actualización do compromiso de abandono do inmovible municipal ocupado por Telefónica na Casa da Xuventude.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Con data 23 de maio de 2025, Telefónica de España S.A.U. (TdE) comunicou ao Concello de Silleda o seu compromiso de abandono do inmovible municipal situado na rúa Trasdeza nº 90 (Casa da Xuventude), actualmente ocupado pola central telefónica da compañía.

Este compromiso respondía ás xestións realizadas polo Concello co obxectivo de recuperar o espazo ocupado, situado no patio central da Casa da Xuventude, co fin de poder acometer a ampliación e mellora da mesma.

Posteriormente, con data 25 de marzo de 2026, Telefónica de España S.A.U. remite novo escrito no que actualiza as condicións do devandito compromiso, indicando que, debido á complexidade técnica dos traballos necesarios para o desmantelamento da central e á reorganización dos equipos responsables, resulta preciso ampliar o prazo inicialmente previsto.

Así, Telefónica de España S.A.U. establece como nova data estimada para o abandono do inmovible o mes de setembro de 2026, comprometéndose a informar no caso de poder anticipar dita data, e asumindo o aboamento da renda correspondente ao período adicional de ocupación ata ese momento.

A devandita comunicación modifica e actualiza o acordo previo de abandono do inmovible, mantendo en todo caso a vontade de colaboración coa administración municipal e o obxectivo de recuperación do espazo público para uso municipal.

INSÍRESE A CONTINUACIÓN O CONTIDO LITERAL DO ESCRITO REMITIDO POR TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. DE DATA 25 DE MARZO DE 2026:

“ASUNTO: Actualización de condiciones del compromiso de abandono del inmueble (CLG: 360403428)”

Muy Sra. Mía:

En relación con el compromiso asumido por Telefónica de España, S.A.U. respecto al abandono del inmueble sito en la calle Trasdea nº 90 de Silleda, y atendiendo a las comunicaciones mantenidas con ese Ayuntamiento, procedemos a detallar la actualización de las condiciones inicialmente pactadas.

Aunque el contrato de arrendamiento permanece vigente hasta el 31 de diciembre de 2032, Telefónica accedió, a solicitud de ese Ayuntamiento, a planificar una entrega anticipada del inmueble. Esta colaboración institucional implicó iniciar trabajos técnicos no previstos inicialmente y cuya complejidad ha requerido una reorganización de los equipos responsables, lo que ha ralentizado el avance respecto al calendario inicialmente estimado.

Tras haber aplicado el periodo de prórroga previsto en el acuerdo de mayo de 2025, y en atención a la evolución técnica de los trabajos, procede actualizar las condiciones del compromiso de abandono en los términos que se exponen a continuación.

Con el fin de completar las actuaciones necesarias de forma segura y sin afecciones al servicio, Telefónica propone septiembre de 2026 como nueva fecha estimada para el abandono del inmueble, comprometiéndose a informar inmediatamente si los trabajos pudieran finalizar antes de dicha fecha.

Asimismo, Telefónica, en coherencia con su voluntad de colaboración, abonará la renta correspondiente al periodo adicional de ocupación hasta septiembre de 2026, aun tratándose de un abandono anticipado promovido por el propio Ayuntamiento.

A todos los efectos, el presente escrito modifica y actualiza el acuerdo previo de abandono del inmueble, formalizando las nuevas condiciones aplicables sin necesidad de suscribir un documento adicional.

Agradecemos la comprensión y cooperación de ese Ayuntamiento y quedamos a su disposición para cualquier aclaración que estimen oportuna.

Atentamente,

Nuria Soriano Martín

Gerente P. Inmobiliaria y G. Patrimonial

Firmado por ***5419** NURIA SORIANO (R:

****1847*) el día 25/03/2026 con un certificado emitido por AC CAMERFIRMA FOR

NATURAL PERSONS – 2016”

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.– Dar conta á Xunta de Goberno Local da recepción do escrito remitido por Telefónica de España S.A.U. de data 25 de marzo de 2026, no que se actualizan as condicións do compromiso de abandono do inmoble municipal situado na Casa da Xuventude.

SEGUNDO.– Aceptar a actualización do calendario de abandono, fixando como nova data estimada o mes de setembro de 2026, sen prexuízo de que este poida ser anticipado en función

da evolución dos traballos técnicos.

TERCEIRO.– Deixar constancia de que Telefónica de España S.A.U. asumirá o aboamento da renda correspondente ao período adicional de ocupación ata a efectiva entrega do inmovible.

CUARTO.– Continuar coas actuacións municipais necesarias para a recuperación do espazo e a planificación das intervencións previstas no mesmo.

Expediente 1161/2024. Adhesión ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) subscribiron un convenio de colaboración co obxecto de impulsar o desenvolvemento dunha administración dixital nas entidades locais galegas. Texto do convenio está no expediente nº 1161/2024.

Segundo.- O devandito convenio permite a adhesión dos concellos interesados, co fin de beneficiarse das ferramentas, servizos e solucións tecnolóxicas previstas no mesmo, orientadas á modernización administrativa e á mellora da atención á cidadanía.

Terceiro.- O Concello de Silleda considera de interese adherirse a este convenio, dado que contribúe á mellora da eficiencia administrativa, á simplificación de procedementos e ao cumprimento das obrigas legais en materia de administración electrónica.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Segundo.- O establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- O clausulado do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento dunha administración dixital.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a adhesión do Concello de Silleda ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital.

Segundo.- Aceptar expresamente a totalidade das cláusulas do convenio, así como as obrigas e compromisos derivados do mesmo.

Terceiro.- Facultar á Alcaldía para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a formalización da adhesión, incluído o correspondente documento de adhesión.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e á FEGAMP para os efectos oportunos.

Expediente 476/2026. MELLORA DE CAMINOS MUNICIPAIS EN PEDROUZO, CERVAÑA E CORTEGADA, SILLEDA.” A ADXUDICAR POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a inminente resolución de concesión da Deputación de Pontevedra, DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SILLEDA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026 LIÑA 1- INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE CAMINOS MUNICIPAIS EN PEDROUZO, CERVAÑA E CORTEGADA, SILLEDA.” A ADXUDICAR POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO.

Visto o Proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz denominado: “MELLORA DE CAMINOS MUNICIPAIS EN PEDROUZO, CERVAÑA E CORTEGADA, SILLEDA.” cun orzamento base de licitación de 259.561,26 € (IVE INCLUÍDO).

Visto o informe emitido polo técnico municipal no que se recolle o cumprimento do planeamento en vigor, a necesidade de autorizacións sectoriais que constan no expediente, o cumprimento da normativa urbanística, así como que as obras que se definen no proxecto non afectan á de estabilidade, seguridade ou estanqueidade do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP.

Vistas as solicitudes das autorizacións sectoriais anteditas que obran no expediente.

Visto o certificado de titularidade municipal dos viais obxecto de proxecto

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de marzo de 2026, na que se aproba o inicio o expediente.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA**:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto denominado “MELLORA DE CAMINOS MUNICIPAIS EN PEDROUZO, CERVAÑA E CORTEGADA, SILLEDÁ” cun orzamento base de licitación de 259.561,26 € (IVE INCLUÍDO).

Expediente 1817/2025. ACONDICIONAMIENTO DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL PARA USO COMO CENTRO TIC RURAL. CORTEGADA. PLAN ESTRATÉGICO DE LA PAC 2023-2027

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a RESOLUCIÓN SOBRE A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA INTERVENCIÓN LEADER PEPAC 2023-2027. INTERVENCIÓN 7119 CONVOCATORIA 2025 e a documentación administrativa que obra no expediente 1817/2025 deste Concello e no relacionado (836/2025), relativa ao ACONDICIONAMIENTO DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL PARA USO COMO CENTRO TIC RURAL. CORTEGADA. PLAN ESTRATÉGICO DE LA PAC 2023-2027 a adxudicar POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO.

Visto que para tal fin foi redactado o proxecto técnico correspondente, pola arquitecta MARLENE PÉREZ SÁNCHEZ.

Visto que consta no expediente informes técnicos sobre a normativa urbanística, as afeccións sectoriais e supervisión do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP.

Visto que consta no expediente a acta de trazado previo.

Visto o inicio do correspondente expediente de contratación para a execución das obras conforme á normativa de contratación do sector público.

Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o informe xurídico asinado o 29 de xaneiro de 2026.

Visto o informe de intervención asinado o 02 de febreiro de 2026.

Vista a probación do expediente de contratación e a licitación realizada que conclúe na acta final da mesa de contratación que se transcribe a continuación:

“Expte. - 1817/2025. “ACONDICIONAMIENTO DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL PARA USO COMO CENTRO TIC RURAL PLAN ESTRATÉGICO DE LA PAC 2023-2027”.

Na casa consistorial do Concello de Silleda, o 24 de marzo de 2026 ás 13.00 horas,

Tipo de contrato: Contrato de obras

Forma de adxudicación: Procedemento aberto simplificado.

Obxecto do contrato: “**ACONDICIONAMIENTO DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL PARA USO COMO CENTRO TIC RURAL PLAN ESTRATÉGICO DE LA PAC 2023-2027**”

Membros asistentes:

PRESIDENTE

D^a. Paula M^a Fernández Pena, Alcaldesa, que se abstén de calquer tipo de decisión no referente á licitación por formar parte do órgano de contratación.

VOCAIS

Dona Déborah García Suárez, secretaria da Corporación.

D. Leopoldo Moure Dopico, interventor da Corporación.

D. Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL da Corporación.

SECRETARIO

D. Julio Méndez Castro, administrativo da Corporación.

En sesión celebrada o 24 de febreiro de 2026, queda a Mesa constituída, e declara admitidas provisionalmente as seguintes proposicións:

DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF
CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	B70574397
CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S.L.	B36236685
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	B94181807

*Ao non formularse ningunha reclamación, procédese á apertura do “**SOBRE A**”, que contén a **DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR.***

Revisada a documentación administrativa se observan defectos, polo que a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, en sesión celebrada o 24 de febreiro de 2026 acorda solicitar a emenda das eivas ós licitadores.

O 25 de febreiro de 2026 con rexistro de entrada neste Concello nº 2026-E-RE-276, Don Victorino Miguez Salgueiro, con DNI 76813160Z, actuando en representación de CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO SL, presenta actualizado o certificado de Inscripción no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros, acorda declarar

ADMITIDAS a seguinte proposición:

DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF
CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	B70574397
CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S.L.	B36236685
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	B94181807

No mesmo sobre compróbase a documentación técnica que contén os criterios avaliados mediante xuízo de valor e, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, acorda remitir a documentación técnica incluída no “**SOBRE A**” á redactora do proxecto, Dona Marlene Pérez Sánchez, para que nun prazo non superior a 7 días realice a avaliación dos criterios suxeitos a xuízo de valor.

O 04 de marzo de 2026, con rexistro de entrada nº 2026-E-RE-328, a redactora do proxecto remite informe de valoración dos criterios avaliados mediante xuízos de valor recolle o seguinte:

“INFORME DE VALORACIÓN DE OFERTAS

A que suscribe, D^a. Marlene Pérez Sánchez, arquitecta Colexiada Nº 4952 do C.O.A.G., en calidade de técnico autora do “PROXECTO TÉCNICO DE ACONDICIONAMIENTO DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL PARA USO COMO CENTRO TIC RURAL” que serve de base para as obras licitadas (EXPTE: 1817/2025) e tras ser requirida pola mesa de contratación (constituída o 26/02/2026) para efectuar a avaliación dos criterios que dependen dun xuízo de valor das ofertas presentadas polos diferentes licitadores emito o presente INFORME:

1.- OFERTAS PRESENTADAS

A documentación presentada e evaluable mediante un xuízo de valor corresponde ás seguintes contratas:

- CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.
- CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S.L.
- TABOADA RAMOS, S.L.U.

2.- CRITERIOS DE VALORACIÓN ESTABLECIDOS NO PCAP

No Prego de Cláusulas Administrativas Particulares defínese tanto os criterios de valoración como o sistema de puntuación a empregar tal como sigue:

1. Análise do proxecto e da execución das obras (De 0 ata 13 puntos).

O licitador deberá demostrar que coñece e domina en profundidade o proxecto técnico que serve de base para a licitación axustándose ós requisitos mínimos establecidos. Para elo deberá describir como mínimo os elementos singulares en canto a:

- a. *Relación de fontes de subministro de materiais, validación destas, no seu caso, e análise das necesidades de almacenamento e de instalación auxiliares. Debendo quedar acreditado mediante compromisos asinados polas empresas subministradoras, nos que se cite o nome desta obra. Ata 3 puntos.*
- b. *Análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas. Ata 3 puntos.*
- c. *Descrición técnica adecuada dos traballos para realizar. Ata 3 puntos.*
- d. *Disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, contedores, maquinaria, eta). Ata 2 puntos.*
- e. *Circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra. Ata 2 puntos.*

2. Actuación medioambiental (de 0 a 12 puntos), co seguinte desglose:

- a. *Identificación das unidades de obra e procesos construtivos que poidan xerar impactos, as medidas a adoptar para a súa eliminación, diminución ou corrección, así como o emprego de materiais con certificados de explotación sostibles, reciclados ou reciclables: Ata 2 puntos*
- b. *Organización física da obra: Ata 2 puntos*
- c. *A avaliación e a xestión dos residuos xerados durante a execución da obra: Ata 3 puntos.*
- d. *Adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos. Ata 2 puntos.*
- e. *Xustificación da certificación ambiental dos materiais a empregar. Ata 2 puntos.*
- f. *Descrición adecuada dos vertederos e centros de xestión de residuos. Ata 1 punto.*

A mesa de contratación na valoración de ámbolos dous criterios xustificará que os puntos atribuídos a cada unha das ofertas gardan proporcionalidade co valor económico que ditos puntos representan.

Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada subcriterio dos dous apartados desta memoria técnica aos documentos que se desenvolvan con un alto grado de detalle, coherencia, idoneidade da proposta, coñecemento e adecuación dos estudos presentados aos contidos indicados, co 75 % da puntuación, en liñas xerais, se o contido proposto en cada un dos subcriterios do respectivo apartado é presentado de forma adecuada e de maneira satisfactoria pero non se define de forma completa ou cun alto grado de detalle, co 50 % da puntuación se o contido proposto en cada un dos subcriterios do correspondente apartado é aceptable pero insuficiente e/ou se define de forma parcial, co 25% da puntuación se o contido proposto en cada un dos subcriterios do pertinente apartado se realiza cun escaso desenvolvemento e non se puntuará no caso de que o contido proposto en cada un dos subcriterios pertencentes ao concorrente apartado non se considere acertado así como no suposto de que o licitador non defina o contido do respectivo subcriterio a puntuar.

A oferta de criterios avaliábles mediante un xuízo de valor presentarase mediante unha memoria técnica. O seu formato deberá ser DIN A4 cun límite máximo de 20 páxinas (incluíndo portadas, separadores e índice), espazo dobre, letra Arial tamaño 12 e na que se describa a solución técnica proposta. Valorarase a capacidade de síntese e a claridade expositiva da proposta. Non se valorará a memoria na parte que exceda da extensión indicada. A documentación gráfica poderase presentarse en formato DIN A3.

Por tanto, en base ó recollido neste Prego procédese á efectuar a valoración técnica das propostas presentadas.

3.- VALORACIÓN DE OFERTAS

3.1 ANÁLISE DO PROXECTO E DA EXECUCIÓN DAS OBRAS (De 0 a 13 puntos).

3.1.a.- Relación de fontes de subministro de materiais, validación destas, no seu caso, e análise das necesidades de almacenamento e de instalación auxiliares. Debendo quedar acreditado mediante compromisos asinados polas empresas subministradoras, nos que se cite o nome desta obra. Ata 3 puntos.

- A) CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.: 1,50 PUNTOS.

- No tocante á relación de fontes de suministro indica que a obra efectuarase con man de obra da propia constructora e o apoio dunha serie de subcontratas e provedores nos que define as empresas de suministro de material de obra civil, execución de carpintería de madeira, instalación e execución da soleira de formigón. Aporta compromisos asinados da execución das unidades de carpintería de madeira, electricidade, fontanería e saneamento, pladur e pintura e suministro de materiais de construción. Indica que o aprovisionamento e instalación da totalidade dos capítulos de proxecto será efectuado polas empresas intervinientes. No presente apartado non aporta análise das necesidades de almacenamento e de instalacións auxiliares. Por tanto, considérase que o contido exposto é aceptable pero insuficiente e/ou se define de forma parcial.

- B) CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S.L.: 1,50 PUNTOS.

- Plantexa unha execución respectuosa e de quilómetro cero, utilizando materiais e profesionais locais, efectuando a súa vez unha breve descripción do proxecto a executar, principalmente interiores. A maiores indica que a parcela dispón de rede eléctrica, auga e telefonía. Trala análise e descripción do proxecto aporta compromisos asinados para a xestión de residuos xerados, suministro de materiais de construción, execución de carpintería de madeira, de paramentos interiores e de instalacións. Non aporta análise das necesidades de almacenamento e de instalacións auxiliares. Por tanto, considérase que o contido exposto é aceptable pero insuficiente e/ou se define de forma parcial.

- C) TABOADA RAMOS, S.L.U.: 3,00 PUNTOS.

- Aporta listado de materiais e unidades de obra con empresas sumnistradoras e subcontratistas asignadas a cada unha, indicando que serán empresas locais na medida do posible, co fin de acortar o prazo de execución dos traballos. Adxunta a maiores compromiso asinado de empresa de execución de cerramentos de xeso laminado e aillamentos, suministro de formigón, execución de instalación eléctrica e suministro de material de tubería, cerramentos, fontanería e calefacción. Seguidamente fai unha análise das necesidades de almacenamento indicando que, aproveitando que a edificación se ubica de xeito illado, habilitarase unha zona de instalacións auxiliares próxima á obra. A maiores indica que no caso de necesitar grandes provisións, almacenaranse nas súas instalacións ubicadas no Polígono Industrial Lalín 2000 e trasladaranse á obra segundo necesidade. Deste xeito dispónse dun espazo suficiente amplo para a instalación de casetas, punto limpo, maquinaria e provisións. Considérase que o apartado está correctamente desenvolvido, de xeito claro e coherente coa realidade da obra a executar.

3.1.b.- Análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas. Ata 3 puntos.

- A) CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.: 1,50 PUNTOS.

- Indica que, debido ao tipo de proxecto con obras principalmente interiores, as alteracións e afeccións ao tránsito peonil, rúidos molestos ou cortes de vía, serán mínimos. A maiores define as actuacións exteriores nas que se proxecta escavación, provisión de terra e posterior reutilización, indica que non se contempla a

instalación de guindastre, que en canto ao proceso de descarga de materiais prevese unha afección mínima sobre o vial asfaltado debido a que esta se executará nun breve espazo de tempo e que no caso do recrecido de formigón este realizarase carretando o material a man. Por último, define un área de posibles zonas de parada de vehículos para descarga. Tras revisión do apartado considéras que o contido proposto en cada un dos subcriterios é aceptable pero insuficiente e/ou se define de forma parcial.

- B) CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S.L.: 2,25 PUNTOS.

- Inicia o presente apartado comprobando a inexistencia de afeccións sectoriais sobre a parcela e indicando que esta conta cos servizos urbanísticos necesarios para a correcta execución das obras. En canto á afección ás persoas indica que a obra dispoñerá de todas aquelas medidas de seguridade e saúde e que debido á contorna no que se sitúa non se prevén afeccións significativas. Posteriormente describe os accesos a obra e implantación de instalacións auxiliares, que ocuparía unha zona duns 50m2 ao redor e na parte posterior da parcela e na que se situarían casetas prefabricadas de oficinas, vestiarios e servizos hixiénicos, zona de provisión de materiais, estacionamento de maquinaria e punto limpo con contedores diferenciados para a posterior xestión de residuos. Indica que esta zona valarase perimetralmente. En canto á proximidade de zonas poboadas indica que non se prevé afeccións ao ser unha obra interior, que se dispoñerá de extintores para evitar risco de incendio en zonas de vexetación ou arboledo, que se tentará efectuar a subministración de materiais en horario de mediodía debido polo menos tránsito e que dita actuación coordinarase para causar as mínimas molestias posibles. Tras revisión do apartado considéras que o contido proposto en cada un dos subcriterios do respectivo apartado é presentado de forma adecuada e de maneira satisfactoria pero non se define de forma completa ou cun alto grado de detalle.

- C) TABOADA RAMOS, S.L.U.: 2,25 PUNTOS.

- Inicia o presente apartado identificando os seguintes condicionantes: servizos afectados, indica que debido ao tipo de obra non se prevé que existan servizos afectados de forma directa; recollida de residuos, indica que tal como puideron comprobar non existen contedores próximos ao ámbito de actuación polo que non se prevé afección; interferencia co tráfico externo, indica que as interferencias poderían producirse en hora punta de entrada e saída de camións polo que se coordinará as actuacións cos veciños para evitar interferencias; cerramentos de obra, indica que se valará perimetralmente para controlar os accesos á mesma, e colocaranse sinais indicativos para facilitar a información viaria a usuarios da zona; sinalización, designarase operario de sinalización e vixilancia; por último, indica que se colocarán carteis informativos para usuarios e afectados, establecerase un servizo de control de documentación e seguridade para accesos a obra, extremando as precaucións no acceso rodado con operario designado para sinalización e vixilancia e establece un calendario de reunións entre os distintos axentes. Tras revisión do apartado considéras que o contido proposto en cada un dos subcriterios do respectivo apartado é presentado de forma adecuada e de maneira satisfactoria pero non se define de forma completa ou cun alto grado de detalle.

3.1.c.- Descrición técnica adecuada dos traballos para realizar. Ata 3 puntos

- A) CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.: 1,50 PUNTOS.

- Realiza unha descrición esquemática coa formulación dos diferentes procesos construtivos que definen a presente obra. Para iso identifica e describe os seguintes apartados: preparación de obra para zonas de traballo e valados; escavación para saneamento; drenaxe e execución de instalacións; execución de soleira; instalacións interiores; recrecido e pavimento; trasdosados, revestimentos, illamentos e falso teito;

carpinterías; alicatados e pintura; pavimento vinílico; instalación de elementos sanitarios e iluminación; remates e fin de obra. Tras revisión do apartado considérase que o contido proposto en cada un dos subcriterios é aceptable pero insuficiente e/ou se define de forma parcial.

- B) CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S.L.: 2,25 PUNTOS.

- Comeza o presente apartado describindo as actuacións precisas previa execución da obra (PSS, apertura de centro de traballo, delimitación da obra e implantación de instalacións auxiliares e definición de zonas de acopio) e seguidamente plantexa a execución dos traballos dende o exterior cara o interior nas sucesivas fases, ordenándoos e describindoos de xeito individualizado no tocante ó sistema constructivo como nas características dos materiais a empregar. Estas fases estrutúranse en: excavación de zanzas, apertura de ocos e execución de drenaxes e impermeabilizacións; execución de saneamento e acometidas; execución de soleira; execución de carpintería interior; execución de trasdosado interior; execución de pavimentos, paredes, teitos; execución de instalacións de protección contra incendios, eléctrica, alumbrado, fontanería, instalaicón de fosa séptica e calefacción. Botase en falta a mención das instalacións de telecomunicacións e de mobiliario definido en proxecto. Por tanto, considérase que o contido é presentado de forma adecuada e de maneira satisfactoria pero non se define de forma completa ou cun alto grado de detalle.

- C) TABOADA RAMOS, S.L.U.: 3,00 PUNTOS.

- Inicia o presente apartado describindo as características construtivas da edificación actual sobre a que se intervén, así como do acondicionamento proxectado. Posteriormente identifica como procesos construtivos máis relevantes, describindo o proceso construtivo e características da solución proxectada en cada un destes procesos: mobilización e reformulo, excavación de gabias, cimentacións e soleiras, falsos teitos trasdosados e tabiquerías, pavimentos e acabados, alicatado de azulexo, pinturas, carpintería de madeira, mobiliario e equipamento, instalacións, seguridade e saúde, control de calidade e xestión de residuos. Na descrición técnica dos traballos obsérvase un pequeno erro na execución dos falsos teitos, xa que menciona a execución dun sistema rexistrable cando o prescrito en proxecto é falso teito continuo. A maiores, achega cadro coas distintas actividades a realizar con rendementos e duración desagregado nas diferentes unidades de obra, así como proposta de diagrama de Gantt adaptado ao prazo de execución previsto. Considérase que o apartado está correctamente desenvolvido e que este se define con un alto grado de detalle.

3.1.d.- Disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, contedores, maquinaria, eta). Ata 2 puntos.

- A) CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.: 0,50 PUNTOS.

- Delimita unha zona de acopio de materiais pero non indica no presente apartado a proposta de implantación no tocante ós medios auxiliares (só fai mención a que se fixese falta unha caseta de obra ubicarase no mesmo ámbito), contenedores ou maquinaria. Por tanto, considérase que o contido proposto en cada un dos subcriterios do pertinente apartado se realiza cun escaso desenvolvemento.

- B) CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S.L.: 1,00 PUNTOS.

- Aporta plano con ubicación de zona de acopios, caseta de obra, residuos pétreos e caseta de obra, así como definición das liñas de acometida eléctrica, suministro de auga e telefonía. Considérase que a implantación, en liñas xerais, pode ser correcta pero obsérvase que a zona de acopios está prevista nunha área na que existe unha intervención escultórica, sendo preciso delimitar tanto a área abarcada como unha

maior definición do ámbito proposto.

- C) TABOADA RAMOS, S.L.U.: 1,00 PUNTOS.

- Describe os elementos auxiliares a implantar (zona de acopio, instalacións auxiliares, xestión de residuos, medios de elevación e movemento de materiais) e aporta plano coa implantación da ZIA, indicando á súa vez que de requirirse a almacenaxe de gran cantidade de material dispoñen de instalacións propias desde as que efectuar un suministro adaptado ós requerimentos semanais de execución. Considérase que a implantación, en liñas xerais, pode ser correcta pero obsérvase que a ZIA está prevista nunha área na que existe unha intervención escultórica, sendo preciso delimitar tanto a área abarcada como unha maior definición do ámbito proposto.

3.1.e.- Circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra. Ata 2 puntos.

- A) CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.: 1,50 PUNTOS.

- Identifica e analiza as dinámicas de fluxo en relación á realidade constructiva da obra e observa que dito fluxo planifícase procedendo a identificar as zonas de traballo, acopio e paso. Obsérvase que as observacións efectuadas son correctas pero botase en falta unha maior definición a través de plano ou esquema que identifique ditos fluxos. Por tanto, considérase que o contido é presentado de forma adecuada e de maneira satisfactoria pero non se define de forma completa ou cun alto grado de detalle.

- B) CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S.L.: 1,50 PUNTOS.

- Aporta plano con circulación de persoal e acceso de maquinaria, tanto para acopios como para a retirada de residuos dentro da zonificación proposta. Non obstante, botase en falta unha maior xustificación ou aclaración sobre dita proposta e considérase, por tanto, que o contido é presentado de forma adecuada e de maneira satisfactoria pero non se define de forma completa ou cun alto grado de detalle.

- C) TABOADA RAMOS, S.L.U.: 0,00 PUNTOS.

- Non aporta a descrición do presente apartado.

3.2 ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL (De 0 a 12 puntos).

3.2.a.- Identificación das unidades de obra e procesos construtivos que poidan xerar impactos, as medidas a adoptar para a súa eliminación, diminución ou corrección, así como o emprego de materiais con certificados de explotación sostibles, reciclados ou reciclables: Ata 2 puntos

- A) CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.: 0,00 PUNTOS.

- Desenvolve o presente apartado en 4 puntos individuais: no primeiro aporta táboa xenérica de estimación de residuos xerados nos que se inclúe a estimación de residuos de fibrocemento e aluminio (perfil de arranque do SATE), así como cantidades estimadas que non se corresponden con esta obra; no segundo indica que a maioría dos residuos son de natureza non perigosa, indicando que se prevé unha recollida de escombros "non separativa" e que no tocante ó amianto (residuo inexistente na presente obra) este será xestionado por empresa especializada; no punto 3 identifica de xeito xenérico as operacións de reutilización, valorización ou eliminación; no apartado 4 indica que conforme a cantidade estimada de residuos non é esixible a recollida separativa pero que nas categorías identificadas con eliminación acelerada (fibrocemento e metais mezclados) procederase á súa separación. Obsérvase que, ademais de que este apartado se presenta desestructurado, o contido é xenérico ou non se corresponde coa presente obra.

- B) CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S.L.: 1,00 PUNTOS.

- Identifica as unidades de obra e os procesos que poden xerar impactos propoñendo recomendacións para minimizar o impacto de parte dos procesos identificados. Estes son: a execución de drenaxes e impermeabilizacións, propón traballar a “peza completa” para evitar desperdicios, atendendo á limpeza do entorno e a restitución do estado natural unha vez rematen as obras; identifica o proceso de verquido do formigón como posible impacto e actuación que pode xerar un maior número de residuos, polo que indica que se porá especial coidado no reparto do mesmo na execución da solera; indica que no tocante a montaxe e conexión de instalacións procederase á recollida sistemática dos residuos xerados, fragmentos e pequeno material, buscando a separación e valorización de cada un dos residuos; por último, observa que outra das unidades con maior residuo parte da execución de illamentos e trasdosados interiores, plantexando reducir o número de desperdicios e a recollida separativa. Tras revisión do apartado considérase que, aínda respondendo á realidade da obra a análise efectuada céntrase unicamente na xestión de residuos como único impacto e, por tanto, o contido proposto en cada un dos subcriterios é aceptable pero insuficiente e/ou se define de forma parcial.

- C) TABOADA RAMOS, S.L.U.: 1,50 PUNTOS.

- Aporta certificado medioambiental da empresa, analiza a zona de ubicación da obra observando que non existe ningún espazo natural que requira de especial protección, zona de cauces ou elementos patrimoniais e seguidamente aporta táboa con identificación de impactos, magnitude e descrición de medidas a adoptar. Nesta táboa identifica a contaminación do aire por emisión de gases de maquinaria, a contaminación acústica xerada, consumo de recursos naturais e a incidencia visual orixinada polo acopio de materiais. Posteriormente, realízase a proposta de uso de materiais certificados de explotación sostibles, reciclados e reciclables propoñendo o emprego dun absorbente vexetal ecolóxico para o tratamento de verquidos accidentais e o emprego de pintura inorgánica transpirable que reduce a contaminación ambiental. Botase en falta unha maior adecuación ou concreción no tocante á relación de impactos con respecto ós procesos construtivos das obras a executar. Por tanto, considérase que o contido proposto en cada un dos subcriterios do respectivo apartado é presentado de forma adecuada e de maneira satisfactoria pero non se define de forma completa ou cun alto grado de detalle.

3.2.b.- Organización física da obra: Ata 2 puntos

- A) CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.: 0,50 PUNTOS.

- No tocante á organización física da obra aporta esquema gráfico con implantación de edificio, zona de acopio de materiais e contenedor. Considérase que o contido proposto en cada un dos subcriterios do pertinente apartado se realiza cun escaso desenvolvemento.

- B) CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S.L.: 2,00 PUNTOS.

- Define plano de implantación definindo zonas de residuos, según clasificación (enyesados, pétreos, non perigosos) e zona de implantación da obra. Á maiores estudia as posibilidades organizativas en base á diferenciación espacial da edificación obxecto de actuación, indicando que a existencia de dous espazos perfectamente diferenciados e con dous accesos independentes permite traballar de xeito flexible (ou ben conxuntamente ou separativamente) permitindo unha maior comodidade na distribución do traballo. Considérase que o apartado está correctamente desenvolvido e que este se define con un alto grado de detalle.

- C) TABOADA RAMOS, S.L.U.: 0,50 PUNTOS.

- Indica que previo o inicio das obras procederase á definición de toda a zona da obra (áreas de circulación, parque de maquinaria, zona de acopio de materiais e zona de instalacións auxiliares) buscando a mínima afección ó medio, aportando marcaxe en plano do ámbito de implantación. Tras revisión do apartado, considérase que o contido proposto en cada un dos subcriterios do pertinente apartado se realiza cun escaso desenvolvemento.

3.2.c.- A avaliación e a xestión dos residuos xerados durante a execución da obra: Ata 3 puntos.

- A) CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.: 0,00 PUNTOS.

- No tocante ós residuos estrutura a exposición en dous apartados: “prescripcións do prego de prescripcións técnicas particulares do proxecto” e “valoración do coste previsto de xestión de residuos de construción e demolición”. No primeiro apartado aporta os pasos a seguir para o tratamento e xestión de residuos de xeito xenérico e no segundo apartado aporta unha valoración do coste de xestión de residuos que non se corresponde co reflexado en proxecto nin na memoria nin no plan de xestión de residuos. Por outra banda, non menciona a relación de residuos xerados, nin a cantidade, nin tipo de tratamento para as diferentes unidades. Por tanto, considérase que o contido proposto en cada un dos subcriterios pertencentes ao concorrente apartado non se é acertado nin se define o contido do respectivo subcriterio a puntuar

- B) CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S.L.: 1,50 PUNTOS.

- Indica que debido á escasa entidade da obra a avaliación dos residuos é inmediata e que se efectuará tralo remate das sucesivas faentas ou ó final da xornada. A maiores indica que a xestión dos residuos correrá a cargo de empresa especializada (aportando carta de compromiso) e que a maior parte dos residuos xerados son de natureza non perigosa, polo que non se prevé ningunha medida específica de prevención máis alá dun manexo cuidadoso. Posteriormente indica unha serie de medidas xenéricas a seguir tanto para os residuos perigosos como os non perigosos. Botase en falta unha maior concreción e análise respecto ós residuos xerados nesta obra concreta. Por tanto, considérase que o contido proposto en cada un dos subcriterios do respectivo apartado é presentado de forma adecuada e de maneira satisfactoria pero non se define de forma completa ou cun alto grado de detalle.

- C) TABOADA RAMOS, S.L.U.: 3,00 PUNTOS.

- Aporta táboa identificando residuos, cantidade estimada conforme a valoración efectuada no plan de xestión de residuos de proxecto, xestión en obra, tratamento e destino, adicionalmente indica que a maquinaria e vehículos tamén xeran residuos perigosos que non se almacenarán en obra xa que os mantementos se efectúan en taller. Considérase que o apartado está correctamente desenvolvido e que este se define con suficiente grado de detalle.

3.2.d.- Adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos. Ata 2 puntos.

- A) CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.: 0,00 PUNTOS.

- Non aporta a descrición do presente apartado.

- B) CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S.L.: 0,00 PUNTOS.

- Indica que as medidas de reciclaxe serán as adoptadas pola empresa de xestión de residuos, procedendo a empresa adxudicataria a velar pola boa recollida e xestión previa de xeito separativo,

ordenado e estruturado. Trala avaliación do presente apartado considérase que o contido proposto é acertado nin se define o contido do respectivo subcriterio a puntuar

- C) TABOADA RAMOS, S.L.U.: 1,00 PUNTOS.

- Presenta listado cunha serie de actuacións a acometer no relativo ós vertidos ou depósitos incontrolados, no desenvolvemento dos traballos e no tocante á xestión dos residuos. A maiores indícase que o punto limpo disporá dunha superficie impermeabilizada e terá un perímetro vallado, ubicándose no mesmo contenedores para a clasificación dos residuos en orixe e que serán cubertos con lona para protección da choiva. Tamen se denine unha serie de boas prácticas como o primar a adquisición de materiais reciclables, o vaciado completo de recipientes que conteñan produtos antes da súa limpeza ou eliminación, ou o mantemento da limpeza na zona de traballo. Tras a revisión do apartado, considérase que o contido proposto en cada un dos subcriterios do correspondente apartado é aceptable pero insuficiente e se define de forma parcial.

3.2.e.- Xustificación da certificación ambiental dos materiais a empregar. Ata 2 puntos.

- A) CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.: 1,00 PUNTOS.

- Indica que as empresas suministradoras que aporta na relación de carta de compromisos garanten a adecuación de materiais con criterios de sostibilidade ambiental. A maiores aporta materiais a empregar en proxecto coa xustificación ambiental asociada a cada un deles: o sistema de saneamento e fontanería, drenaxe perimetral da edificación, instalación de fosa séptica homologada, trasdosados interiores, revestimento de madeirae falso teito continuo de placa de xeso laminado. Se ben identifica materiais e os xustifica ambientalmente botase en falta concreción sobre a certificación dos mesmos; por tanto, trala revisión do apartado, considérase que o contido proposto en cada un dos subcriterios do correspondente apartado é aceptable pero insuficiente e se define de forma parcial.

- B) CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S.L.: 1,00 PUNTOS.

- Indica que na medida do posible empregaranse materiais con ecoetiquetas e certificacións de materiais TIPO I (Ecolabel, Blue Angle, Natureplus), TIPO II (reciclable, baixo en COV), TIPO III (análise de ciclo de vida con datos técnicos verificados), Greenduard (certificado de produtos con baixas emisións químicas, COV) e FloorScore (certificado específico de chans e adhesivos). Tras a revisión do apartado, considérase que o contido proposto está definido de forma parcial, ó non facer unha maior concreción sobre tipos de materiais a empregar asociados a cada unha das certificacións propostas.

- C) TABOADA RAMOS, S.L.U.: 0,50 PUNTOS.

- Aporta certificación ambiental do formigón a empregar. Non aporta maior descrición sobre outras certificacións ou xustificación da certificación ambiental do restante dos materiais presentes en obra. Por tanto, considérase que o contido proposto en cada un dos subcriterios do pertinente apartado se realiza cun escaso desenvolvemento.

3.2.f.- Descrición adecuada dos vertedeiros e centros de xestión de residuos. Ata 1 punto.

- A) CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.: 1,00 PUNTOS.

- Identifica correctamente empresa de xestión de residuos, así como o proceso de selección, valoración e tratamento que realiza en planta. Por tanto, trala revisión do apartado, considérase que o apartado está correctamente desenvolvido e que este se define con suficiente grado de detalle.

- B) CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S.L.: 1,00 PUNTOS.

- Identifica e aporta folia de compromiso de empresa de xestión de residuos que participará nas obras obxecto de licitación e que conta con planta de valorización e reciclaxe. Non aporta identificación ou descrición do vertedero de residuos. Por tanto, trala revisión do apartado, considérase que o apartado está correctamente desenvolvido e que este se define con suficiente grado de detalle.

- C) TABOADA RAMOS, S.L.U.: 1,00 PUNTOS.

- Identifica como verteroido próximo o vertedero de Forcarei, así como xestor de residuos autorizado. A maiores indica que a propia empresa licitadora está autorizada pola Xunta para o transporte de residuos industriais e perigosos e como xestor de residuos non perigosos en réxime de planta móbil. Considérase que o apartado está correctamente desenvolvido e que este se define con suficiente grado de detalle.

4.- TABLA RESUMEN DE PUNTUACIÓNS:

Trala valoración efectuada e descrita no seguinte apartado achégase a puntuación total:

APARTADO		PUN	CA	LI	C O S	T A B C
1.- ANÁLISE DO PROXECTO E DA EXECUCIÓN DAS OBRAS (de 0 a 13 puntos)	1.1- RELACIÓN DE FONTES DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS, VALIDACIÓN DESTAS, NO SEU CASO, E ANÁLISE DAS NECESIDADES DE ALMACENAMENTO E DE INSTALACIÓN AUXILIARES. DEBENDO QUEDAR ACREDITADO MEDIANTE COMPROMISOS ASINADOS POLAS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS, NOS QUE SE CITE O NOME DESTA OBRA,	3	1,50	1,50	3,00	
	1.2.- ANÁLISE CORRECTA DE POSIBLES AFECCIÓNS Ó TERRITORIO, SERVIZOS PREEXISTENTES OU PERSOAS	3	1,50	2,25	2,25	
	1.3.- DESCRICIÓN TÉCNICA ADECUADA DOS TRABALLOS A REALIZAR	3	1,50	2,25	3,00	
	1.4.- DISPOSICIÓN AXEITADA DE ELEMENTOS AUXILIARES NA PARCELA OU BORDO DA ESTRADA (CAJETAS DE OBRA, GUINDASTRES, CONTEDORES, MAQUINARIA...etc)	2	0,50	1,00	1,00	
	1.5.- CIRCULACIÓN APROPIADA DE PERSOAL E MAQUINARIA POLA OBRA	2	1,50	1,50	0,00	
2.- ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL (de 0 a 12 puntos)	1.1- IDENTIFICACIÓN DAS UNIDADES DE OBRA E PROCESOS CONSTRUTIVOS QUE POIDAN XERAR IMPACTOS, AS MEDIAS A ADOPTAR PARA A SÚA ELIMINACIÓN, DIMINUCIÓN OU CORRECCIÓN, ASÍ COMO O EMPREGO DE MATERIAIS CON CERTIFICADOS DE EXPLOTACIÓNS SOTIBLES, RECICLADOS OU RECICLABLES.	2	0,00	1,00	1,50	
	1.2.- ORGANIZACIÓN FÍSICA DA OBRA	2	0,50	2,00	0,50	
	1.3.- A AVALIACIÓN E A XESTIÓN DOS RESIDUOS	3	0,00	1,50	3,00	

	XERADOS DURANTE A EXECUCIÓN DA OBRA				
	1.4.- ADECUACIÓN DAS MEDIAS DE RECICLAXE DE RESIDUOS SÓLIDOS E LÍQUIDOS	2	0,00	0,00	1,00
	1.5.- XUSTIFICACIÓN DE CERTIFICACIÓN AMBIENTAL DOS MATERIAIS A EMPREGAR	2	1,00	1,00	0,50
	1.6.- DESCRIPCIÓN AXEITADA DOS VERTEDOIROS E CENTROS DE XESTIÓN DE RESIDUOS	1	1,00	1,00	1,00
	PUNTUACIÓN TOTAL		9,00	15,00	16,75

De lo que informo para su conocimiento y efectos, en Lalín, a fecha de firma digital.

Fdo: Marlene Pérez Sánchez
Arquitecta colegiada Nº 4952"

Os membros da Mesa de Contratación a vista do informe técnico transcrito anteriormente, por unanimidade, asume o seu contido íntegro dando a súa conformidade as valoracións que contén, quedando a puntuación total do contido do SOBRE A da seguinte maneira:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE A Xuízos de Valor
CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	9,00
CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO, S.L.	15,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	16,75

A Mesa de Contratación, unha vez finalizado o acto de valoración do SOBRE A, acorda convocar a seguinte reunión para o día de hoxe para proceder á apertura do SOBRE B.

A Mesa de Contratación, procede á lectura das ofertas económicas presentadas co seguinte resultado:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PREZO SEN IVE	IVE	PREZO TOTAL
CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	45.491,17	9.553,15	55.044,32
CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO, S.L.	47.000,00	9.870,00	56.870,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	47.453,96	9.965,33	57.419,29

Os licitadores ofertan as seguintes melloras das propostas no prego:

DENOMINACIÓN SOCIAL	MELLORA 01: Mellora dos accesos ó Centro TIC Rural (13,07 PUNTOS)	MEJORA 02: Mellora de accesibilidade ó ámbito escultórico "A Fenda" (14,82 PUNTOS)
CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	13,07	14,82
CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO, S.L.	13,07	14,82
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	0,00	0,00

Procédese á valoración das ofertas económicas presentadas aplicando os criterios recollidos nos pregos, de maneira que a puntuación do SOBRE B é a seguinte:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO	PUNTUACIÓN MELLORAS	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE B
CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	20,16	27,89	48,05
CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO, S.L.	5,21	27,89	33,10
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	0,71	0,00	0,71

Tendo en conta a valoración dos criterios suxeitos a xuízos de valor que realizou a mesa de contratación na sesión do día de hoxe en base ó informe técnico do redactor do proxecto, as **PUNTUACIÓNS FINAIS** quedan da seguinte maneira:

A puntuación total dos SOBRES A e B é a seguinte:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN SOBRE A	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN TOTAL
CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	9,00	48,05	57,05
CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO, S.L.	15,00	33,10	48,10
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	16,75	0,71	17,46

Visto que con data 05 de marzo de 2026, a Mesa acorda:

"PRIMEIRO.- Clasificar por orde decrecente as ofertas presentadas segundo as puntuacións obtidas:

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1º	CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	57,05
2º	CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO, S.L.	48,10

3º

CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.

17,46

SEGUNDO.- *Requirir á licitadora a CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L. con N.I.F. B70574397, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación do contrato de obra “ACONDICIONAMIENTO DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL PARA USO COMO CENTRO TIC RURAL PLAN ESTRATÉGICO DE LA PAC 2023-2027” para que, dentro do prazo de 7 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación que se relaciona na Cláusula 26 do PCAP, ó igual que a constitución da garantía definitiva que se recolle na Cláusula 20 e o punto 26, así como as pólizas de seguro recollidas no punto 20, ambas do Anexo I do PCAP.”*

Visto que o requirimento realízase o 09 de marzo de 2026 con rexistro de saída nº 2026-S-RE-291.

Visto que o requirimento é recibido polo licitador o 10 de marzo de 2026.

Visto que con data 10 de marzo de 2026, con rexistro de entrada neste Concello nº 2026-E-RE-379, Don Arturo Rodríguez Rodríguez, en nome e representación de CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L., con N.I.F. B70574397, presenta solicitude de depositar o importe da garantía definitiva mediante retención no prezo (na primeira certificación).

Visto que con data 11 de marzo de 2026, rexistro de saída nº 2026-S-RE-313, dase resposta ó escrito presentado pola licitadora CALICANTO OBRAS E PROYECTOS S.L. sobre a posibilidade de presentar a garantía definitiva mediante retención no prezo.

Visto que o licitador recibe a mesma o 11 de marzo de 2026.

Visto que con data 18 de marzo de 2026, con rexistro de entrada neste Concello nº 2026-E-RE-436, Don Arturo Rodríguez Rodríguez, en nome e representación de CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L., con N.I.F. B70574397, presenta a documentación requirida e compróbase a falta de:

1.- Escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acto fundacional nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica da que se trate, así como o Número de Identificación Fiscal (NIF).

Visto que con data 20 de marzo de 2026, a Mesa acorda solicitar a mencionada documentación, outorgando un prazo de 3 días hábiles.

Visto que o requirimento realízase o 20 de marzo de 2026 con rexistro de saída nº 2026-S-RE-369.

Visto que o requirimento é recibido polo licitador o 23 de marzo de 2026.

Visto que o licitador presenta o requirido con data 23 de marzo de 2026, con rexistro de entrada neste Concello nº 2026-E-RE-457.

A Mesa de Contratación presta a súa conformidade coa documentación presentada e PROPÓN Ó ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COMO EMPRESA ADXUDICATARIA do contrato de obras denominado “ACONDICIONAMIENTO DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL PARA USO COMO CENTRO TIC RURAL PLAN ESTRATÉGICO DE LA PAC 2023-2027” a:

- CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L., con N.I.F. B70574397, por ser a oferta máis vantaxosa.

A presidenta da por rematada a reunión ás 13,25 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe.

*O Secretario
Julio Méndez Castro*

*VºBº.
A Presidenta
Paula Mª Fernández Pena”*

Visto o informe fase D asinado o 26 de marzo de 2026.

*Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:***

PRIMEIRO.- Aceptar a proposta da Mesa de Contratación e ADXUDICAR á licitadora CALICANTO OBRAS E PROXECTOS S.L., con N.I.F. B70574397, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación, o contrato de obras denominado “ACONDICIONAMIENTO DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL PARA USO COMO CENTRO TIC RURAL PLAN ESTRATÉGICO DE LA PAC 2023-2027” por importe de 45.491,17 euros, ao que corresponde por IVE a contía de 9.553,15 euros, totalizándose a oferta en 55.044,32 euros.

SEGUNDO.- Dispor o gasto por importe de 55.044,32 euros con cargo á aplicación 933-619 proxecto 2026-01.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente administrativo, de conformidade co disposto no artigo 155 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017 e a CALICANTO OBRAS E PROXECTOS S.L., con N.I.F. B70574397, adxudicataria do contrato, indicarláselle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días.

CUARTO.- Publicar a formalización do contrato no Perfil do Contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Expediente 588/2025. MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CIRA (Concello de Silleda)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 03/11/2025 acordou adxudicar á empresa **ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.**, con CIF B36494185) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra **“MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CIRA (Concello de Silleda)”**, por un importe de **379.076,96 €**, € IVE incluído.

Visto que se o Concello de Silleda e a empresa adxudicataria **ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.**, con NIF B-36494185, na data 10 de novembro de 2025, formalizan o contrato administrativo da obra **“MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CIRA (Concello de Silleda)”**, por un importe de **379.076,96 €**, € IVE incluído, e un prazo de execución de TRES (3) MESES.

Visto que con data 09/12/2025 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo.

Visto que con data 27/02/2026, a empresa ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. presenta, no Rexistro municipal, escrito de renuncia no que solicita: ... incóese expediente de resolución contractual, acordando a resolución do contrato referido no encabezamiento, polas causas expostas no corpo deste escrito e con devolución da garantía definitiva á contratista.

Visto que segundo informe técnico emitido polo director de obra o 02/03/2026, non se executaron unidades de obra, non existindo execución material dos traballos contratados.

Visto o informe xurídico emitido o 03/03/2026 que consta no expediente.

Visto Decreto nº 2026-0191 de data 04/03/2026 no que se resolve o seguinte:

“PRIMEIRO.- Avocar as competencias en materia de contratación delegadas na Xunta de Goberno Local mediante resolución de Alcaldía do 31 de xaneiro 2024

SEGUNDO.- Incoar expediente de resolución do contrato de obras denominado “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CIRA (Concello de Silleda)” por posible incumprimento culpable da obriga principal do contrato por parte da entidade ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., ao abeiro do artigo 211.1.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, circunstancia que podería derivar na incautación da garantía definitiva nos termos

do artigo 213.3 da citada Lei.

TERCEIRO.- Conceder trámite de audiencia á entidade contratista por prazo de dez (10) días naturais, contados desde o seguinte ao da notificación da presente resolución, para que poida formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

*CUARTO.- Dar traslado do presente acordo á entidade aseguradora ASEFA, S.M.A., S.A., Sucursal en España, con NIF W0275019H, con domicilio en Madrid, Avda. de Manoteras, 32, Edificio A, representada por D^a Noemí Gómez Martín, con DNI 06558262L, na súa condición de asegurador no **Certificado de Seguro de Caución nº 32756/03/41/2025/4511**, polo que se constitúe a garantía definitiva do contrato, concedéndolle trámite de audiencia por prazo de dez (10) días naturais, contados desde o seguinte ao da notificación do presente acordo, para que poida formular as alegacións que estime oportunas, para o suposto de que a resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista puidese determinar a incautación da garantía definitiva, de conformidade co disposto no artigo 213.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.”*

Visto que se realiza a notificación tanto ó contratista, **ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.**, (Rexistro de saída nº 2026-S-RE-282 de data 05 de marzo de 2026), como á aseguradora **ASEFA, S.M.A., S.A.**, Sucursal en España, con NIF W0275019H, con domicilio en Madrid, Avda. de Manoteras, 32, Edificio A, representada por D^a Noemí Gómez Martín, con DNI 06558262L, na súa condición de asegurador no **Certificado de Seguro de Caución nº 32756/03/41/2025/4511**, (Rexistros de saída nº 2026-S-RE-280 e nº 2026-S-RE-281 de data 05 de marzo de 2026).

Visto que, recibidas as notificacións, non se presentan alegacións en relación co expediente de resolución do contrato obras denominado **“MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CIRA (Concello de Silleda)”** por posible incumprimento culpable da obriga principal do contrato por parte da entidade **ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.**, ao abeiro do artigo 211.1.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como así consta no informe do Responsable do Rexistro asinado o 24 de marzo de 2026 e certificado pola Secretaría municipal na mesma data.

Visto o informe-proposta asinado pola Secretaría municipal o 26 de marzo de 2026.

Visto o informe de Intervención asinado o 26 de marzo de 2026.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- RESOLVER o contrato de obras **“MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CIRA, SILLEDA”** debido á concorrencia da seguinte causa de resolución recollida no artigo 211.1.f) da

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: **f) O incumprimento da obrigación principal do contrato**, por considerar probados os feitos recollidos no informe do Director de Obra no que se establece que a empresa contratista, **ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.**, con CIF B36494185, non comezou a execución das obras referidas, nin comunicou motivo xustificado algún da razón de non inicialas.

SEGUNDO.- Proceder á **EXECCUCIÓN da garantía definitiva** constituída polo contratista, que ascende a 15.664,34 € (Aseguradora ASEFA, SMA SA, Sucursal en España), porque a presente resolución conclúe con causa imputable ó contratista polo incumprimento da obrigación principal do contrato.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría, aos efectos de practicar as anotacións contables correspondentes.

CUARTO.- Notificar aos interesados aos efectos oportunos.

FOD - Expediente 477/2026. Cesión de uso dos locais sociais de Taboada e Cortegada

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 477/2026

Toma a palabra a Sra. Presidenta, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 27 de marzo de 2026.

Vistas as solicitudes presentadas en data 25 de marzo de 2026 pola Asociación Veciñal e Cultural de Cortegada (AVECUCO), con Rexistro de Entrada 2026-E-RE-475, e pola Asociación de Veciños Santiago Apóstolo de Taboada, con Rexistro de Entrada 2026-E-RE-477 nas que interesan do Concello de Silleda a cesión do dereito de uso dos locais sociais de Cortegada e Taboada, respectivamente, co fin de poder optar ás axudas convocadas pola Deputación de Pontevedra para a mellora destes inmobles.

Visto que a solicitude da Asociación Veciñal e Cultural de Cortegada se refire á necesidade de contar cun documento acreditativo da cesión de uso do local social para a tramitación dunha subvención destinada á mellora da envolvente do inmovible.

Visto que a solicitude da Asociación de Veciños Santiago Apóstolo de Taboada expón que a entidade pretende acometer obras de mellora no local social de Taboada, e que para a solicitude da correspondente axuda se require documentación acreditativa da titularidade ou da cesión do dereito de uso do inmovible.

Vistos os informes técnicos emitidos no expediente relativo á cesión de uso dos locais sociais de Taboada e Cortegada ata 2031, nos que se analizan os indicios de titularidade dos inmovibles obxecto das solicitudes.

Resultando que, segundo o citado informe no caso do local social de Cortegada sito no lugar de O Burgo, con referencia catastral 36052R501002550001WH, o informe técnico sinala que, aínda que o Concello non dispón de Inventario Municipal de Bens, o vixente PXOM recolle este equipamento como 09-DE-E1 (DPb), codificación que indica a súa titularidade pública, concluindo que, á vista dos indicios existentes e na falta de datos máis precisos, se supón a titularidade municipal do ben.

Resultando que, segundo dito informe, no caso do local social de Taboada, emprazado en Carral, nº 3, con referencia catastral 001500700NH62E0001OD, o informe técnico indica igualmente que, malia non existir Inventario Municipal de Bens, o PXOM define este equipamento como 31-DE-SC1 (DPb), Local social (Carral), codificación que sinala a súa titularidade pública, concluindo tamén que, polos indicios existentes e a falta de datos máis precisos, se supón a titularidade municipal do ben.

Considerando que os locais sociais constitúen equipamentos de interese público destinados á dinamización social, cultural e participativa das parroquias, e que as entidades solicitantes son asociacións veciñais sen ánimo de lucro que pretenden desenvolver actuacións de mellora e actividades propias nestes espazos, en beneficio da comunidade local.

En atención ao exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a cesión de uso do local social de Taboada á Asociación de Veciños Santiago Apóstolo de Taboada, en precario, do Local Social de Taboada, por un prazo de cinco anos, dende o 1 de abril de 2026 ata o 1 de abril de 2031, co fin de que poida desenvolver as actividades que lle son propias e tramitar, se é o caso, a correspondente solicitude de subvención para a mellora deste equipamento.

SEGUNDO.- Aprobar a cesión de uso á Asociación Veciñal e Cultural de Cortegada (AVECUCO), en precario, do Local Social de Cortegada, por un prazo de cinco anos, dende o 1 de abril de 2026 ata o 1 de abril de 2031, co fin de que poida desenvolver as actividades que lle son propias e tramitar, se é

o caso, a correspondente solicitude de subvención para a mellora deste equipamento.

TERCEIRO.- As cesións outórganse para o desenvolvemento das actividades propias de cada entidade e para a realización das actuacións de mellora que, no seu caso, resulten autorizadas, debendo destinarse os inmobles aos fins sociais e veciñais que lles son propios.

CUARTO.- A presente cesión de uso non terá carácter exclusivo, polo que o Concello poderá autorizar a utilización puntual dos locais por parte doutras asociacións ou entidades que así o soliciten, sempre que se trate de actividades concretas e compatibles co seu uso habitual, atendendo en todo caso ao interese público e á adecuada coordinación entre as partes.

QUINTO.- Facultar á Alcaldía para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución do presente acordo.

SEXTO.- Notificar o presente acordo ás entidades interesadas, con indicación de que a cesión se entende outorgada sen prexuízo de terceiros.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE